








“DEREITOS EN MOVEMENTO”

 <p>PARTICIPACIÓN POR DEREITO</p>	 <p>TEMA</p>	 <p>FINALIDADE DA ACTIVIDADE</p>	 <p>DURACIÓN</p>	 <p>MATERIAIS</p>	 <p>OBXECTIVOS</p>
	<p>Que é un dereito e que é a Convención sobre os Dereitos do Neno?</p>	<p>Xogar a un xogo de moverse de sitio para coñecer os dereitos da infancia</p>	<p>45-60´</p>	<p>Ligazón  Convención sobre os Dereitos do Neno e cadeiras (tantas como participantes menos unha)</p>	<p>Coñecer que é un dereito e a Convención sobre os Dereitos do Neno Reflexionar sobre a relación entre dereito e necesidade</p>

OLA, EQUIPO EDUCATIVO!

SABÍAS QUE...

os dereitos téñense polo simple feito de ser seres humanos xa que son as necesidades que se precisan para desenvolverse plenamente?

Outra cousa é que se cumpran ou non. E aí é onde entra en acción a participación. Saber que temos dereitos e cales son é a primeira condición para poder exercelos e defendelos. A infancia que coñece os seus dereitos e sabe como reclamálos, pode contar con máis ferramentas e habilidades para denunciar a súa vulneración e denunciar malos tratos ou abusos, polo que a participación configúrase tamén como unha ferramenta de autoprotección.

Os Dereitos da Infancia están recollidos na “Convención internacional sobre os Dereitos do Neno” (CDN) que se asinou en 1989. É o tratado internacional máis ratificado da historia. E ao ser unha “convención” e non unha “declaración” supón que é vinculante para os Estados que a asinaron, é dicir, de obrigado cumprimento.

Antes da actividade

- ➔ Preparar un dispositivo con acceso a internet para poder consultar as CDN adaptadas ou ben utilizar CDN en papel ou outro formato que se teña.

OLA, MOZAS E MOZOS! INVITÁMOVOS A...

que xoguedes para coñecer a Convención sobre os Dereitos da Infancia. Esta Convención, á que se adoita chamar CDN, é onde veñen recollidos os dereitos da infancia.

- ➔ 1º Botádelle unha ollada á CDN e elixide algúns dereitos dos moitos que se recollen na Convención. Cada moza e mozo tedes que elixir un, de tal maneira que polo menos haxa 2 persoas co mesmo dereito.
- ➔ 2º Logo tedes que colocar cadeiras en círculo mirando cara ao centro e sentarvos. Tamén hai que elixir a unha persoa que estará de pé no centro.
- ➔ 3º E agora toca xogar! A persoa que está no centro ten que dicir unha frase ou un pequeno discurso no que se inclúa algún dos dereitos elixidos.
- ➔ 4º Ao dicir algún deses dereitos, as persoas que os teñen asignados teñen que levantarse da súa cadeira e buscar outra cadeira libre. E se se di a palabra “dereitos”, todas as persoas cambiades de sitio á vez!
- ➔ 5º Pero coidado! porque a persoa que está no centro tamén correrá a buscar sitio libre e quen quede sen sitio será a que pase ao centro.
- ➔ 6º Acabade o xogo cando queirades, pero acordádevos que hai que deixar un tempo ao final para facer unha asemblea...

...para reflexionar

- ➔ Que dereito creedes que é o que máis se cumpre? E o que menos? Por que?
- ➔ Para que é importante que se coñezan os dereitos da infancia? Creedes que coñecer os vosos dereitos pode axudar a protexervos? Por que?
- ➔ Que persoas coñecen máis a Convención? E menos? Por que?

A propoñer!

- ➔ Que se podería facer para que todo o mundo coñecese os dereitos da infancia?
- ➔ Que faría falta para que se cumprisen para toda a infancia por igual?







Acordádevos de recoller opinións e propostas na ficha de conclusións e facérmolas chegar! [Link excel](#) 

Suxerencias para adaptar a actividade

- ➔ Se algunha moza ou mozo é moi introvertido e estar no centro vai ocasionar malestar, pódese ceder a quenda do centro a outra persoa.
- ➔ Pódense enlazar as frases ou pequenos discursos de cada persoa que estea no centro para formar unha historia que teña continuidade.

SE QUEREDES SEGUIR COÑECENDO E OPINANDO SOBRE A PARTICIPACIÓN, BOTADE UNHA OLLADA ÁS OUTRAS ACTIVIDADES!

“ATA O INFINITO”

 <p>PARTICIPACIÓN POR DEREITO</p>	 <p>TEMA</p>	 <p>FINALIDADE DA ACTIVIDADE</p>	 <p>DURACIÓN</p>	 <p>MATERIAIS</p>	 <p>OBXECTIVOS</p>
	<p>Cales son os artigos da CDN sobre participación?</p>	<p>Xogar a un xogo en liña de preguntas e respostas (Kahott!) sobre os dereitos da CDN que se relacionan coa participación</p>	<p>45-60´</p>	<p>Ligazón 🔗 ao xogo interactivo</p>	<p>Coñecer o articulado da Convención sobre os Dereitos do Neno relacionado coa participación</p> <p>Reflexionar sobre o que significan os diferentes dereitos de participación da Convención sobre os Dereitos do Neno</p>

OLA, EQUIPO EDUCATIVO!

SABÍAS QUE...

non existe un artigo específico que fale sobre a participación infantil na CDN?

Pero si está considerada como un principio fundamental e hai diversos artigos que se vinculan aos elementos imprescindibles para exercer o dereito á participación:

Art. 12. Dereito á liberdade de opinión. E os Estados asinantes teñen que garantir que esta opinión sexa escoitada e tida en conta.

Art. 13. Dereito á liberdade de expresión. Inclúe a liberdade de buscar, recibir e difundir información e ideas por escrito, oralmente, en forma artística ou calquera outra.

Art. 14. Dereito á liberdade de pensamento, conciencia e relixión.

Art. 15. Dereito á liberdade de asociación e á liberdade de celebrar reunións pacíficas. Débense facilitar ferramentas para ter unha presenza social organizada que poida facer de interlocutora entre o Estado e a sociedade.

Art. 17. Dereito a unha información adecuada, adaptada e entendible.

Antes da actividade

- ➔ Preparar dispositivos con acceso a internet para poder xogar ao xogo interactivo.

OLA, MOZAS E MOZOS! INVITÁMOSE A...

que xoguedes a un xogo en liña de preguntas e resposta de Kahoot! para coñecer os dereitos que tratan da participación de mozas e mozos.

- ➔ 1º Facede equipos para xogar: se tedes dispositivos para todos os equipos, podeades xogar á vez e se non, facédeo por quendas. Entrade no xogo poñendo a [ligazón 🔗](#)
- ➔ 2º Contestade as preguntas para coñecer a CDN. Non é unha competición nin un exame; é un xogo para aprender cousas importantes sobre o dereito á participación.
- ➔ 3º Ao final do xogo podeades xuntarvos para comentar as preguntas e...

...para reflexionar

- ➔ Por que creedes que non hai un artigo específico sobre participación na CDN?
- ➔ Creedes que é importante que se vos escoite e poder expresaros libremente? Cales son as dificultades para conseguilo?
- ➔ Por que creedes que é importante que vos chegue unha información adecuada?

A propoñer!

- ➔ Como poderíades dar mellor vosa opinión? E para que vos escoiten?
- ➔ Como debería ser a información que se dá á infancia?

Acordádevos de recoller opinións e propostas na ficha de conclusións e facérmolas chegar! [Link excel 🔗](#)

Suxerencias para adaptar a actividade

- ➔ Se non se dispón de dispositivos e/ou acceso a internet, pódense extraer as preguntas e facelo de maneira manual ao estilo dun “programa televisivo” de preguntas e respostas.

SE QUERDES SEGUIR COÑECENDO E OPINANDO SOBRE A PARTICIPACIÓN, BOTADE UNHA OLLADA ÁS OUTRAS ACTIVIDADES!